

CAMPIONATOS PROVINCIAIS ESCOLARES 2022

1.- CLUBES ORGANIZADORES, DATAS e LUGARES

PROVINCIA	DATA	CLUB	LUGAR
A Coruña:	mércores, 20 abril	LICEO	Culleredo
Lugo:	mércores, 30 marzo	FLUVIAL	Lugo
Ourense:	mércores, 6 abril	PEÑA TREVINCA	Carballino
Pontevedra:	martes, 29 marzo	VIGORIENTA	Vigo

2.- CATEGORÍAS

- Categoría INFANTIL: masculina e feminina (nacidos en 2008 e 2009).
- Categoría CADETE: masculina e feminina (nacidos en 2006 e 2007).

3.- PARTICIPANTES

CENTROS ESCOLARES:

Máximo de 300 persoas a través de equipos de centros escolares, a razón de 75 por cada unha das 4 categorías.

- Cada centro escolar pode inscribir un equipo de até cinco persoas en cada categoría, para completar até un máximo de 15 equipos por categoría.
- Cada centro escolar pode inscribir equipos suplentes de até cinco orientadores en cada categoría, para o caso de que exista a posibilidade de cubrir vacantes.

CLUBES:

Teñen dereito a participar os orientadores e orientadoras federadas que cumpran os requisitos de idade e non poidan participar co seu centro escolar, inscribíndose, polo tanto, a través do seu club.

4.- LICENZA

- A participación non esixe estar en posesión da licenza federativa, pero si esixe estar dado de alta no sistema XOGADE. A persoa responsable do centro escolar solicitará ao Servizo Provincial de deportes o rexistro a través da web XOGADE para inscribir equipos e deportistas. Este rexistro ten que realizarse antes da data límite que manda a normativa para o curso escolar 21-22.

5.- INSCRICIÓN

- Gratuíta para todas as persoas participantes, facéndose cargo da mesma a Secretaría Xeral para o Deporte a través dos Servizos de Deporte de cada provincia.
- Formalízase a través da persoa responsable do centro escolar ou do club, por medio dun formulario que facilita o club organizador.
- Estableceranse dúas datas límites, en función da data de celebración, unha para o anuncio da inscrición de equipos titulares e suplentes, e outro para a inscrición efectiva dos equipos (por se se dá o caso de cobertura de vacantes).

6.- DESPRAZAMENTO

- A cargo da Secretaría Xeral para o Deporte, a través dos respectivos Servizos de Deporte Provinciais, previa solicitude do centro escolar ou do club.

7.- TARXETA ELECTRÓNICA SPORTIDENT

- Para o rexistro de paso por cada control de carreira todo/a corredor/a debe levar unha tarxeta SportIdent. O club organizador asignará gratuitamente unha tarxeta electrónica SportIdent a todo o que careza dela.

8.- MATERIAL PROHIBIDO NO MOMENTO DE REALIZAR A PROBA

- Os únicos elementos de apoio para a navegación autorizados son o mapa que aportará a organización e o compás que pode levar cada participante. Prohíbese, en toda a zona de carreira, a utilización de dispositivos que aporten datos xeográficos a modo de elementos de apoio para a navegación.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS E IMAXE

- As familias ou responsables legais de cada participante deberán cubrir un protocolo de protección de datos e uso e difusión de imaxe.

10.- PROTOCOLO FISICOVID- DEPORTEGALEGO XOGADE 2021-2022.

Todos os Campionatos Provinciais Escolares seguirán estritamente as medidas que dicta o devandito [protocolo](#) e que está publicado na páxina web de [XOGADE](#).

Cada centro educativo e/ou Club federado deberá designar a un coordinador/a FISICOVID-DXTGALEGO Xogade 2021/22 comprometéndose a notificar ao Club Organizador ou ao Servizo Provincial da Secretaría Xeral para o Deporte calquera incidencia que poida xurdir no programa Xogade 2021/22 referente ao Covid-19.

Nomeadamente cómpre que tanto alumnado participante como profesorado encargado manteñan posta candasúa mascarilla en todo momento (incluso no momento de carreira), hixienicen as mans seguindo as instrucións da organización e manteñan a distancia de seguridade así como seguir as instrucións da organización a tal efecto.

11.- CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO AUTONÓMICO

Haberá dúas clasificacións:

Clasificación individual: Unha clasificación por categoría segundo o tempo ou puntuación acadada na carreira.

Clasificación por equipos: En cada categoría asignarase 1 punto á primeira persoa clasificada, 2 á segunda, 3 á terceira e así sucesivamente. A clasificación por equipos formarase coas puntuacións das **3** mellores clasificadas individuais de cada equipo en cada categoría sendo campión o equipo que menos puntos acade.

Todos os orientadores e orientadoras federados/as teñen dereito a participar no Campionato Autonómico Escolar 2022 xa que o resultado nesta proba é un dos criterios de selección para o CESA 2022 propostos para a decisión técnica.

12.- PREMIOS.

As tres persoas con mellor puntuación en cada categoría levarán o correspondente premio, así mesmo, se lles pagará a inscrición ao Campionato Autonómico Escolar que terá lugar o sábado 13 de abril de 2022, en Santiago de Compostela.

Os tres primeiros equipos clasificados de centros escolares en cada categoría recibirán trofeo, diploma ou medalla que lles acredite como Equipo Campión Provincial de Centros Escolares de Orientación 2022; asímesmo obterán o dereito a participar no Campionato Autonómico Escolar que terá lugar o sábado 13 de abril de 2022, en Santiago de Compostela.

Estes premios entregaranse ao finalizar a xornada segundo o programa e horario previstos. Cómpre que todos os centros e participantes estean na entrega de premios.

13- INSCRIPCIÓN NO CAMPIONATO ESCOLAR AUTONÓMICO 2022.

Os centros escolares con equipos e/ou participantes clasificados deberán confirmar a súa participación no Campionato Galego á maior brevidade posible e sempre cumprindo as datas de inscrición sinaladas no correspondente Boletín.

Os clubs organizadores dos Campionatos Provinciais enviarán a listaxe de equipos clasificados de cada súa provincia ao Club organizador do Campionato Autonómico Escolar, USC, adxuntando o formulario correspondente, despois de confirmar a participación cos centros clasificados.

Todos os menores federados e federadas nas categorías Infantil, Cadete e Xuvenil (femenino e masculino) poderán participar no Campionato Autonómico Escolar 2022. Os seus correspondentes clubs deberán confirmar a súa participación á maior brevidade posible e sempre cumprindo as datas e formulario de inscrición sinalados no correspondente Boletín.

CAMPIONATO AUTONÓMICO ESCOLAR 2022

1.- CLUB ORGANIZADOR, DATAS e LUGARES

PROVINCIA	DATA	CLUB	LUGAR
A Coruña:	Sábado, 23 abril	USC	Gaiás

2.- CATEGORÍAS

- Categoría INFANTIL: masculina e feminina (nacidos en 2008 e 2009).
- Categoría CADETE: masculina e feminina (nacidos en 2006 e 2007).
- Categoría XUVENIL: masculina e feminina (nacidos en 2004 e 2005). (So federados/as)

3.- PARTICIPANTES

Teñen dereito a participar os tres primeiros equipos clasificados, en cada categoría, de centros escolares nos respectivos Campionatos Provinciais. Segundo isto, haberá un máximo de 240 participantes por equipos de centros escolares, a razón de 60 por cada unha das 4 categorías (infantil masculino, infantil feminino, cadete masculino e cadete feminino). Cada equipo pode estar composto por un máximo de cinco orientadores.

Teñen dereito a participar as tres persoas con mellor puntuación en cada categoría clasificadas nos respectivos Campionatos Provinciais Escolares 2022.

Teñen dereito a participar nas categorías infantil, cadete e xuvenís os orientadores e orientadoras federadas que cumpran os requisitos de idade e non poidan participar co seu centro escolar, inscribíndose, polo tanto, a través do seu club.

4.- LICENZA

- A participación esixe estar en posesión da licenza federativa, ben de tempada ben de proba/día.
- Os orientadores e orientadoras sen licenza de tempada correrán con licenza de proba/día, facéndose cargo a FEGADO do custo da mesma.

5.- INSCRICIÓN

Gratuíta para todos os participantes, facéndose cargo a FEGADO dos custos da mesma.

Os centros escolares con equipos e/ou participantes clasificados deberán confirmar a súa participación no Campionato Galego á maior brevidade posible e sempre cumprindo as datas de inscrición sinaladas no correspondente Boletín.

Os clubs organizadores dos Campionatos Provinciais enviarán a listaxe de equipos clasificados de canda súa provincia ao Club organizador do Campionato Autonómico Escolar, USC, adxuntando o formulario correspondente, despois de confirmar a participación cos centros clasificados.

Todos os menores federados e federadas nas categorías Infantil, Cadete e Xuvenil (femenino e masculino) poderán participar no Campionato Autonómico Escolar 2022. Os seus correspondentes clubs deberán confirmar a súa participación á maior brevidade posible e sempre cumprindo as datas e formulario de inscrición sinalados no correspondente Boletín.

6.- DESPRAZAMENTO

A cargo das persoas participantes.

7.- TARXETA ELECTRÓNICA SPORTIDENT

- Para o rexistro de paso por cada control de carreira todo/a corredor/a debe levar unha tarxeta SportIdent. O club organizador asignará gratuitamente unha tarxeta electrónica SportIdent a quen careza dela.

8.- MATERIAL PROHIBIDO NO MOMENTO DE REALIZAR A PROBA

- Os únicos elementos de apoio para a navegación autorizados son o mapa que aportará a organización e o compás que deberá levar cada participante. Prohíbese, en toda a zona de carreira, a utilización de dispositivos que aporten datos xeográficos a modo de elementos de apoio para a navegación.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS E IMAXE

- As familias ou responsables legais de cada participante deberán cubrir un protocolo de protección de datos e uso e difusión de imaxe. (Anexo II)

10.- PROTOCOLO COVID

O Campionato Galego rexiranse polo Protocolo FISICOVID da FEGADO.

Cada centro educativo e/ou Club federado deberá designar a un coordinador/a FISICOVID comprometéndose a notificar ao Club Organizador calquera incidencia que poida xurdir referente ao Covid-19. (Anexo III)

11.- CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO AUTONÓMICO

Haberá dúas clasificacións:

Clasificación individual: Unha clasificación por categoría segundo o tempo ou puntuación acadada na carreira. As tres persoas con mellor puntuación en cada categoría gañarán cadanseu premio. A persoa con mellor puntuación en cada categoría proclamarase Campión ou Campioa Galega Escolar de Orientación a Pé.

Clasificación por equipos: En cada categoría asignarase 1 punto ao primeiro clasificado, 2 ao segundo, 3 ao terceiro e así sucesivamente. A clasificación por equipos formarase coas puntuacións dos 3 mellores clasificados individuais en cada categoría sendo Campión Galego Escolar de Orientación a Pé o equipo que menos puntos acade en cada categoría.

-O centro escolar gañador en cada categoría obtén a clasificación para participar no Campionato de España de Centros Escolares (CECEO).

- O resultado no Campionato Galego Escolar de Orientación a Pé é un dos criterios de selección dos orientadores e orientadoras federados para o Campionato de España de Seleccións Autonómicas (CESA) propostos para a decisión técnica.

12.- PREMIOS.

As tres persoas con mellor puntuación en cada categoría levarán o correspondente premio.

Os tres primeiros equipos clasificados de centros escolares en cada categoría recibirán trofeo, diploma ou medalla que lles acredite como Equipo Campión Galego de Centros Escolares de Orientación 2022.; O primeiro equipo de cada categoría gaña o dereito a participar no Campionato de España de Centros Escolares (CECEO) que terá lugar desde o 11 ao 13 de novembro de 2022, en Navalmoral de la Mata (Extremadura).

Estes premios entregaranse ao finalizar a xornada segundo o programa e horario previstos. Cómpre que todos os centros e participantes estean presentes na entrega de premios..

13. PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CENTROS ESCOLARES

- A FEGADO informará, coa maior brevidade posible, aos centros escolares clasificados toda a información dispoñible sobre o CECEO para que se faga efectiva a aceptación por escrito da súa participación. Esta aceptación leva consigo o compromiso de formar e entrenar ao alumnado participante co fin de acadar o nivel técnico que require para unha proba desta categoría. Será responsabilidade das persoas responsables/entrenadores de cada equipo, que @s deportist@s presentad@s teñan o nivel físico e técnico mínimo para afrontar con garantías de seguridade un percorrido da categoría na que participan.

- No marco das súas dispoñibilidades, a FEGADO apoiará a participación dos centros escolares clasificados no Campionato de España de Centros Escolares (tecnificacións, monitores...)